




Concello da Coruña

Área / Unidad GESTION ADMINISTRATIVA MEDIO AMBIENTE MA1000 MTSG	Documento 5411AI08YM
Código de verificación  5Z6Z 2I5J 461I 2H6Y 1D5A	Expediente 541/2024/179
	Fecha 30-06-2026

Exp.: EPI 1/24

ASUNTO: RESOLUCIÓN ORDE DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA CON REPERCUSIÓN DE CUSTOS POR INCUMPRIMENTO DAS OBRIGAS DE XESTIÓN DE BIOMASA E RETIRADA DE ESPECIES ARBÓREAS

INFORME-PROPOSTA

I.- ANTECEDENTES

1. Que, segundo consta nos expedientes municipais, procedeuse á notificación/publicación ás persoas responsables das parcelas referenciadas no punto segundo que non cumprían coas obrigas de xestión de biomasa, concedéndose un prazo máximo de 15 días naturais para o seu cumprimento voluntario.
2. Que segundo as actas de inspección estendidas na data recollida a continuación pónse de manifesto o incumprimento, transcorrido dito prazo, das obrigas de xestión de biomasa e/ou das obrigas de retirada de especies arbóreas nas seguintes parcelas:

Ref. Catastral	Parroquia	Liquidación provisional dos traballos de xestión da biomasa	Titular	Data constatación incumprimento
6168714NH4966N0001AR	ELVIÑA (SAN VICENZO)	504,83	HROS. DE 32346111S	25/06/2026
15900A010006850000YA	ELVIÑA (SAN VICENZO)	133,68	DESCOÑECIDA	25/06/2026
15900A012003910000YP	SAN CRISTOVO DAS VIÑAS (SAN CRISTOVO)	63,52	DESCOÑECIDA	25/06/2026
15900A012000470000YD	SAN CRISTOVO DAS VIÑAS (SAN CRISTOVO)	98,02	AMADO PONTE AMPARO	25/06/2026
15900A012004300000YK	SAN CRISTOVO DAS VIÑAS (SAN CRISTOVO)	144,13	DESCOÑECIDA	25/06/2026

3. Que segundo o apartado décimo da Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas "Cando se constate a persistencia no incumprimento das obrigas incluídas no ámbito de aplicación desta instrución logo do transcurso do prazo



máximo para o cumprimento voluntario outorgado na pertinente comunicación ou requirimento, o órgano que enviou este procederá do modo seguinte:

- a) Iniciará as actuacións para o cobramento da cantidade liquidada provisionalmente.
- b) Ordenará a execución subsidiaria, contra a cal non se admitirán recursos en vía administrativa.
- c) Pedirá simultaneamente ao órgano competente que inicie o correspondente procedemento sancionador. A petición incluírá expresamente a solicitude de que se adopte como medida cautelar o comiso da madeira procedente da corta de especies arbóreas que deban ser retiradas, de ser o caso.”

4. Ao estar a actuación sobre estas parcelas aprobado pola Comisión de seguimento do Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, o custo destas actuacións será asumido polo Convenio, ata que o mesmo poida ser repercutido ás persoas responsables de xestión.

5.- Así mesmo, segundo o disposto no artigo 22.6, a execución subsidiaria da xestión da biomasa non requirirá de ningunha autorización, e as persoas responsables están obrigadas a facilitar os accesos necesarios.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- OBRIGA DE XESTIÓN DA BIOMASA

1.- Os artigos 21 e 22 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, recollen a obriga das persoas titulares das parcelas incluídas no ámbito das redes de faixas secundarias de xestionar a biomasa vexetal e, se for o caso, retirar as especies arbóreas prohibidas pola Disposición Adicional Terceira da dita Lei (entre elas, piñeiros, eucaliptos, acacias, toxos, xestas, fentos...) antes de que finalice o mes de maio de cada ano. Porén, no caso de que nalgún dos catro anos anteriores as persoas responsables non atenderan a advertencia para o cumprimento das súas obrigas de xestión da biomasa e retirada de especies, a administración competente realizará as súas accións de control co obxectivo de que a xestión estea concluída con anterioridade ao primeiro día de abril de cada ano.

A obriga anterior consiste na xestión da biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como arredor de edificacións e vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras, parques e instalacións industriais a menos de 400 metros do monte, e construcións illadas en solo rústico. Ademais, nos primeiros 50 metros non poderá haber as especies sinaladas na dita Disposición Adicional 3ª da Lei, medíndose as distancias no caso de edificacións, vivendas illas ou urbanizacións dende o seu paramento exterior.



2.- No suposto de incumprimento da citada obriga, é cando a Administración competente require á persoa responsable para que no prazo máximo de quince días naturais xestione a biomasa e, no seu caso, retire as especies arbóreas existentes, coa advertencia de poder imponer multas coercitivas reiteradas cada 3 meses en caso de persistencia no incumprimento, ou acudir á execución subsidiaria repercutíndolles os custos dos traballos e, incluso, comiso das especies arbóreas prohibidas retiradas pola Administración, sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda; e tendo a persoa responsable a obriga de comunicarlle ao Concello o inicio e a realización dos traballos de xestión. En ausencia da dita comunicación, a Administración poderá considerar os traballos coma non realizados mentres non conste proba en contrario (artigo 22.2 “in fine” da Lei 3/2007).

Transcorrido o prazo sinalado anteriormente sen que a persoa responsable xestione a biomasa e/ou retire as especies arbóreas prohibidas, a Administración pública competente, poderá proceder á imposición de multas coercitivas reiteradas cada tres meses mentres persista o incumprimento, cuxa contía será de 900 €/Ha de superficie de parcela non xestionada, ou a parte proporcional se a área fose inferior, cunha contía mínima de 100 €; ou á execución subsidiaria, atendendo ás necesidades de defensa contra os incendios forestais, repercutindo os custos á persoa responsable, e podéndose liquidar provisionalmente os ditos custos de xeito anticipado desde o momento en que se verifique o incumprimento da obriga de xestión da biomasa, sen prexuízo da súa liquidación definitiva unha vez finalizados os traballos de execución subsidiaria.

3.- En sentido similar, o apartado décimo da Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas, sinala: *“Cando se constate a persistencia no incumprimento das obrigas incluídas no ámbito de aplicación desta instrución logo do transcurso do prazo máximo para o cumprimento voluntario outorgado na pertinente comunicación ou requirimento, o órgano que enviou este procederá do modo seguinte:*

- a) *Iniciará as actuacións para o cobramento da cantidade liquidada provisionalmente*
- b) *Ordenará a execución subsidiaria, contra a cal non se admitirán recursos en vía administrativa.*
- c) *Pedirá simultaneamente ó órgano competente que inicie o correspondente procedemento sancionador. A petición incluírá expresamente a solicitude de que se adopte como medida cautelara o comiso da madeira procedente da corta de especies arbóreas que deban ser retiradas, de ser o caso”.*

SEGUNDO.- ADMINISTRACIÓN COMPETENTE PARA INICIAR A EXECUCIÓN SUBSIDIARIA

A Administración competente para proceder á execución subsidiaria é o Concello da Coruña, consonte co disposto na Lei 3/2007, citada, que lles atribúe aos concellos, entre outras, a competencia para elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, así como para ordenar a execución das obras necesarias para



conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios (...) e, de forma máis concreta, a ordenación e execución subsidiaria da xestión da biomasa nos termos dos artigos 21, 22 e 23 da dita Lei.

TERCEIRO.- RESPONSABLES

Considéranse responsables dos deberes sinalados nos fundamentos xurídicos anteriores ás persoas titulares do aproveitamento da parcela, e no seu defecto, segundo o punto 6.3 da Instrución 1/2018, considéranse persoas responsables as que figuren como titulares dos terreos no Catastro inmobiliario.

Se dúas ou máis persoas figurasen como titulares en común dun mesmo terreo, sexa con atribución de cotas ou proindiviso, entenderase que o cumprimento das obrigas comprendidas no ámbito de aplicación da instrución lles corresponde a todas as persoas copropietarias solidariamente, e as comunicacións e requirimentos poderán dirixirse a calquera delas mentres non designen validamente a unha como representante de todas para estes efectos.

CUARTO.- EXECUCIÓN SUBSIDIARIA

1.- Sinala o artigo 100 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común das Administracións públicas, que a execución forzosa polas Administracións públicas efectuarase, respectando sempre o principio de proporcionalidade, entre outros medios, por execución subsidiaria, respecto da cal o artigo 102 do mesmo texto legal sinala que cando haxa lugar á execución subsidiaria, por tratarse de actos non persoalísimos que se poden realizar por suxeito distinto do obrigado, as Administracións realizarán o acto por si ou a través das persoas que determinen, á costa da persoa obrigada, esixíndose o importe dos gastos, danos e perdas conforme ao procedemento de prema, e podéndose liquidar o dito importe de forma provisional e realizarse antes da execución subsidiaria, a reserva da liquidación definitiva.

2.- No presente suposto, e ao abeiro do disposto no artigo 22.6 da Lei 3/2007, a execución subsidiaria da xestión da biomasa non requirirá de ningunha autorización, e as persoas responsables están obrigadas a facilitar os necesarios accesos a persoa que realice os traballos en execución subsidiaria, estando a dita persoa facultada para acceder sen necesidade de consentimento de quen resulte titular, agás naqueles supostos excepcionais en que o acceso afecte, dentro da parcela, a espazos físicos susceptibles de merecer a cualificación de domicilio para os efectos do artigo 18.2 da Constitución.

QUINTO.- COMPETENCIA

É competente para resolver a Concelleira Delegada de Medio Ambiente, en virtude da delegación de competencias da Alcaldía Presidencia de data 19 de xuño do 2024 (BOP número1, do 26 de xuño), de conformidade co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril,



Concello da Coruña

reguladora das bases do réxime local e coa Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Polo que vistos os antecedentes e a lexislación antedita, así como as demais normas que son de aplicación, é mester elevar proposta ao órgano competente, que deberá conter os seguintes

PRONUNCIAMENTOS:

Primeiro.- Ordenar a execución subsidiaria da realización dos traballos de xestión da biomasa para a prevención e defensa contra os incendios forestais nas parcelas descritas no antecedente primeiro. Así mesmo procederáase ao comiso da madeira resultante da corta das especies arbóreas que deban ser retiradas.

A execución subsidiaria levarase a cabo a partir das **08:30 horas do día 20 de xullo de 2026** por parte do persoal designado pola Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional dos gastos derivados da execución subsidiaria, que, a reserva da súa liquidación definitiva unha vez realizadas as actuacións, deberá aboar a persoa responsable.

Terceiro.- Dar traslado ao órgano competente para incoar o procedemento sancionador, consonte ao establecido polo artigo 54 da Lei 3/2007, para que se incoe o dito procedemento e se adopte a medida cautelar de comiso das especies arbóreas prohibidas.

Cuarto.- O texto íntegro desta resolución estará ao dispor das persoas destinatarias na sede electrónica do Concello actuante.

A Coruña, (na data de sinatura dixital que consta neste documento)
A Xefa de Departamento de Xestión Administrativa